

A ESCOLA NA CIDADE

ESCOLA DE ALTOS ESTUDOS MUSICAIS



REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA
ESCOLA DE ALTOS ESTUDOS MUSICAIS

**CURSO DE ESPECIALIZACIÓN
INSTRUMENTAL
2013-2014**

A Escola de Altos Estudos Musicais, seguindo co seu compromiso formativo, convoca probas para o Curso de Especialización Instrumental (CEI), para o curso académico 2013/2014 para cubrir dúas prazas de viola.

Viola 2

CARACTERÍSTICAS DO CURSO:

Alumnado:

Estudantes de grao medio ou superior.

Duración do curso:

De outubro de 2013 a xuño de 2014.

Profesorado:

O profesorado, e o seu curriculum, poderán descargarse da páxina web da Escola.

Obxectivo do curso:

É obxectivo do curso o perfeccionamento instrumental da especialidade elixida nun mínimo de 15 horas de clase individual repartidas ao longo do curso académico.

Poderáanse organizar actividades de práctica de conxunto ao longo do curso.

Presentación de solicitudes:

As solicitudes deberán presentarse ata o día 4 de novembro de 2013 a través da páxina web www.eaem.es, acompañadas da seguinte documentación:

- Fotocopia do D.N.I, NIF ou equivalente.
- Curriculum indicando o curso que está realizando na actualidade.

Probas de selección:

As probas de selección terán lugar o 8 de novembro de 2013 na sede da EAEM.

A EAEM confeccionará unha lista de espera, por especialidades, para cubrir as prazas dispoñibles en función das posibilidades e necesidades da Escola cos alumnos que, superando un nivel mínimo, non consigan praza.

Contido das probas:

Os candidatos deberán interpretar dous movementos ou pezas a elixir de estilos diferentes que non superen ambas os 20 minutos de duración.

Tribunais:

Os tribunais estarán formados polo director asociado, o xefe de estudos e os profesores da EAEM de cada especialidade.

Matriculación:

Unha vez finalizadas as probas e publicados os resultados destas, os candidatos seleccionados poderán formalizar a matrícula do curso aboando o prezo do mesmo ata o día 15 de novembro de 2013 .

Prezo da matrícula: 300 €

O pago da matrícula realizarase telemáticamente a través da páxina web da Escola.

Requisitos para a obtención do diploma e condicións de permanencia:

A carga lectiva mínima para poder continuar no curso e obter o diploma correspondente establececese en 5 horas por trimestre.

No caso de que non se supere a carga lectiva mínima nos dous primeiros meses (novembro-décembro), se considerará abandono do Curso, dando lugar a una praza vacante que poderá ser ofertada aos candidatos da lista de espera por riguroso orde de puntuación.

O candidato da lista de espera poderá matricularse no curso previo abono da parte proporcional da matrícula do curso.

Pérdida de condición de alumno e dereitos de matriculación:

Non superar a carga lectiva mínima establecida por trimestre.

Diploma:

Todos os alumnos recibirán un diploma acreditativo dos seus estudos.

Os alumnos que finalicen o curso con máximo aproveitamento e tras realizar una proba que demostre os seus progresos o longo do curso, poderán promover un curso máis despois do pagamento da matrícula correspondente.